A memoria da represión en Bueu

Case 60 veciños foron represaliados entre 1936 e 1939

O coordinador do proxecto "Recuperando a memoria", unha iniciativa da Consellería de Cultura e das tres universidades galegas sobre a represión durante a Guerra Civil, estará o domingo en Bueu para participar nos actos que organiza anualmente a Asociación Amigos de Johán Carballeira. Gustavo Hervella aportará algunhas das conclusións sobre o traballo de campo realizado en novembro de 2007 en Bueu, no que se entrevistaron a familiares de persoas que foron represaliadas. Tamén se proxectará un video con extractos desas entrevistas.

DAVID GARCÍA ▪ Bueu

Os investigadores da Universidade de Santiago estiveron en Bueu durante o mes de novembro de 2007 para entrevistarse con familiares dos que sufriron a represión durante a Guerra Civil: as fillas de Francisco Escáneo; o fillo de José de la Torre, que foi o primeiro paseado do municipio no verán do 1936 ou as descendentes de Abelardo Barreiro, que morreu no penal de San Cristóbal.

Segundo o coordinador do proxecto de investigación "Nomes e voces. Recuperando a memoria", Gustavo Hervella, ó redor de 60 persoas foron represaliados na vila de Bueu só entre 1936 e 1939. "Estamos falando de executados, presos, paseados ou desaparecidos", explica Hervella. Considera que se trata dunha cifra moi elevada e que a bo seguro seguirá aumentando a medida que continúen as investigacións. "Os datos que temos proceden de dos rexistros civís de defuncións, causas militares... Pero aínda nos queda por estudar os denominados presos gubernativos: xente a que encarcelaban sen ningunha acusación nin cargos e que podían estar en prisión unha semana, un mes, un ano..", explica Hervella. O investigador define esa práctica como auténtico "terror psicolóxico" e apunta que só no caso de Ourense xa se teñen contabilizado 2.500 casos. "Esa cifra será moito maior en Pontevedra e na Coruña", aventura, o cal inclúe a Bueu e ó resto da comarca.

Ó número case 60 de represaliados tamén hai que unir ás moitas mulleres que foron rapadas. As testemuñas recollidas en Bueu corroboran prácticas que se repetían noutras vilas: "Despois de darlles aceite de ricino obrigábanas a saír a desfilar polas rúas para escarnio. Pero é que ademais obrigaban tamén a outros veciños a saír a rúa para mofarse delas. ¡E pobre deles se non o facían!", explica o historiador. Para sufrir esta humillación non facía falta moito: "en Bueu existe o caso de mulleres que foron rapadas por ter acudido a un enterro laico cun vestido coas cores da República".



Familiares de represaliados de Bueu entrevistados no proxecto "Recuperando a memoria". // G.Núñez

Isto tamén sirve para expoñer outro aspecto interesante: os lugares da memoria. "Hai sitios nos que se exercía a represión pero que polo paso do tempo, polos cambios ou porque se constrúe neles esquécense. Pero hai outros que permanecen no recordo e convírtense en lugares de memoria", explica Hervella. Entre eses lugares, o historiador apunta a fábrica de Massó en Bueu, a de Cervera en Cangas, as propias rúas polas que desfilaban as rapadas e incluso a ría. "Galicia ten unha gran fosa no mar", suliña.

Bueu conta cunha das figuras icónicas da represión: o propio alcalde Johán Carballeira. "É das persoas escollidas polo que simbolizaba e pola ascendencia que tiña sobre o pobo. Sen embargo, tamén foron a por outra xente menos coñecida pero que non era menos representativa ou menos importante, como aqueles que eran capaces de artellar unha protesta ou reunir a un grupo de xente contra o cacique local", explica.

> Carballeira foi represaliado polo seu simbolismo e ascendencia no pobo

No municipio tamén sobresae a figura de Francisco Escáneo, que participou na fuga do calabozo en decembro de 1936 tras supostamente golpear a un garda cunha perna de pau (era tolleito). Sen embargo, esta anécdota é desmentida polas súas propias fillas, algo que os historiadores consideran lóxico. "É algo normal coas fontes orais. Toda sociedade necesita crear os seus mitos e incluso martires, aínda que as veces sexa en perxuizo das familias", conclúe Gustavo Hervella.



En Pescadoira hay un parque biosaludable. // Gonzalo Núñez

Sanidade incluye de nuevo a Bueu dentro del programa "Concellos saudables"

REDACCIÓN ▪ Bueu

La Consellería de Sanidade acaba de confirmar una subvención de 50.000 euros al ayuntamiento de Bueu, que volverá a formar parte de la red de Concellos Saudables. La resolución fue publicada ayer en el Diario de Oficial de Galicia (DOG), por lo que en breve el gobierno municipal podría empezar a programar las primeras actividades.

Esta iniciativa se puso en marcha por primera vez el año pasado y contó con una gran aceptación por parte de los vecinos. Entre otras cosas, se organizaron actividades deportivas y se realizaron charlas sobre nutrición y hábitos saludables.

La Diputación aprueba el proyecto para la mejora del vial A Portela-Banda do Río


La obra incluye el asfaltado de la carretera y la reapertura de cunetas

REDACCIÓN ▪ Bueu

La junta de gobierno de la Diputación de Pontevedra aprobó ayer el proyecto para la mejora de la carretera que une el lugar de A Portela con el barrio de Banda do Río, en pleno centro de Bueu. La actuación se incluye dentro del Plan de Cooperación Provincial y tiene un presupuesto de 153.000 euros.

Los trabajos incluyen el asfaltado del firme actual y de las zonas que fueron ensanchadas, la limpieza de los márgenes, la reapertura de cunetas y el perfilado de taludes en un trayecto de casi tres kilómetros. El vial presentaba un evidente mal estado en algunos tramos debido a la circulación de tráfico pesado –procedente del polígono industrial de Castiñeiras– y las obras realizadas en su día para la instalación de servicios como el gas natural.

Este proyecto se une a otro ya aprobado la semana pasada por la Diputación, consistente en una actuación muy similar pero en el tramo comprendido entre A Portela y la entrada del parque empresarial, con un presupuesto de unos 70.000 euros. Esta obra fue reclamada en varias ocasiones por Fecimo y por la asociación de empresarios de Castiñeiras. Sin embargo, todavía queda pendiente la reurbanización de la otra carretera provincial del entorno y que discurre hasta el centro de la parroquia de Beluso. Concello, Diputación y vecinos están intentando consensuar un proyecto que permita la construcción de aceras.



Responsables de la Diputación visitaron el vial hace unos días. // G.N.